



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral

Organismo: SECRETARÍA XERAL – Subdirección Xeral de Persoal – Servizo de Secundaria

Resolución do 26 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral pola que se fai pública a adxudicación provisional de destinos do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación, convocado pola Orde do 17 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia de 8 de xaneiro de 2009).

TEXTO:

En aplicación do disposto na base décimo terceira da Orde do 17 de decembro de 2008 (DOG do 8 de xaneiro de 2009) pola que se convoca concurso de traslados entre os funcionarios de carreira do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, esta secretaría xeral resolve facer pública a adxudicación provisional dos destinos obtidos no concurso de traslados específico, convocado pola Orde que se cita.

De acordo co establecido na base décimo cuarta da citada Orde, os concursantes poderán presentar reclamacións e renuncias á adxudicación provisional, no prazo de dez días hábiles a partir da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e dirixidas á Secretaría Xeral

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2009
Benito Fernández Rodríguez
Secretario Xeral